



CAMPO DE VOLUNTARIADO “MANZANEDA” (MANZANEDA-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
19-30/08/2020	18-30	Autonómico	Medioambiental	12



LOCALIZACIÓN DO CAMPO

O glaciar das Lamas, obxecto deste campo, atópase ao SE da Estación de Esquí de Cabeza de Manzanedo.

DESCRIPCIÓN E ACTIVIDADES

O lugar sobre o que se vai traballar é o glaciar das Lamas, datado entre 13 e 16 mil anos de antigüidade. A súa cabeceira está formada por tres circos colgados situados a 1.490 m, 1.480 m e 1.330 m, enmarcados á súa vez nunha serie de amplos anfiteatros situados por riba dos 1.500 m. Entre o primeiro anfiteatro e os circos, a relación estableceríase por medio de fracturas, obxecto estas tamén de traballo de limpeza.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Piscina cuberta climatizada
- Tirolesa xigante
- Rutas de sendeirismo

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Aloxamento no Albergue Queixa

<https://manzanedatrevinca.gal/donde-dormir/albergue-queixa/>

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

Na Pobra de Trives (Rúa San Roque, 4, 32789 A Pobra de Trives – Ourense). Requírese comunicación da hora de chegada a través de correo-e para coordinar o traslado a Manzanedo.

COMO CHEGAR

Hai servizo de autobuses con saída desde Ourense ás 18:30 h e chegada a Trives ás 19:30 h. Teléfono de información: 988 216 027.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital en que se encontrara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo persoal (xabón, cepillo e pasta dental, protector solar, etc.)
- Toallas
- Impermeable
- Traxe de baño, chancletas para a ducha e piscina
- Gorro e toalla para a piscina
- Prenda de abrigo
- Medicamentos en caso de tratamento
- NON é necesario: roupa de cama nin saco de durmir.



CAMPO DE VOLUNTARIADO “MANZANEDA” (MANZANEDA-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
19-30/08/2020	18-30	Autonómico	Medioambiental	12

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.



SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio administrativo de San Lázaro, 3º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 957 115

CAMPO DE VOLUNTARIADO “MANZANEDA” (MANZANEDA-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
19-30/08/2020	18-30	Autonómico	Medioambiental	12